

La gestión eficiente de la zona costera. Los parques marinos

Mercedes Ortiz García

Tirant Monografías, 2003

Este libro constitúe a versión reelaborada da parte da tese doutoral que defendeu na Universidade de Alacante, en maio de 2000. O seu director foi o profesor Ramón Martín Mateo. Ante esta presentación xa constatamos que estamos perante unha obra de gran rigor científico.

A xestión das áreas mariñas protexidas sempre formularon problemas especiais que supoñen un reto. A noción mesma do espazo natural protexido e a primeira figura paradigmática destes, os parques nacionais, xeráronse no medio terrestre, quizais máis afastados ca un ecosistema mariño, na alta montaña, estendéndose a xestión dende ela a outros espazos terrestres. É certo que a historia da protección de espazos abrangue pronto os costeiros, tipicamente as grandes brañas, ata incluso converter algúns destes no paradigma da institución. Así, os Everglades ou Doñana, convértense moi pronto nos parques nacionais por excelencia. Pero fano dende a perspectiva do medio terrestre, ou húmido continental, que os domina.

Só máis recentemente se fixa, realmente, a atención no medio mariño. O país pioneiro na creación dos parques nacionais, os Estados Unidos, tarda case tres cuartos de século en crear un sistema nacional de santuarios mariños e, en España, só cun enorme esforzo se consegue establecer, a principios da década dos

noventa, o primeiro parque nacional marítimo terrestre, o arquipélago de Cabrera, modelo de xestión, iso si, onde os haxa.

A presente obra constata que o espazo costeiro é coñecido, na actualidade, pola súa gran riqueza económica, ecolóxica e demográfica, pero, tamén, por ser o receptor último do desenvolvemento irracional, o que provoca o seu xeneralizado estado de deterioración. A partir desta denuncia, a autora fai fincapé na necesidade urxente de actuar na dita zona de forma eficaz e eficiente, pois existe moita teoría ao respecto, pero poucos resultados.

Para iso aproveita a sinerxía da aplicación de instrumentos que inciden na zona costeira, de acordo coa estratexia marco «xestión integrada da zona costeira», é dicir, do recoñecemento da confluencia de moitos usos e, así, de numerosas administracións, de axentes económicos, de organizacións sociais e da cidadanía en xeral.

Este libro céntrase, como xa se apuntou, na xestión da zona costeira, a través das áreas mariñas protexidas ou parques mariños. As áreas mariñas protexidas, son, *grosso modo*, espazos naturais protexidos situados no medio costeiro mariño. Xustifícase neste traballo a necesidade de ordenar e xestionar a zona costeira, así como de dar a coñecer as propostas concretas para facela realidade. Nesta última parcela, veñen a colación os parques mariños, pois dadas as peculiaridades do medio costeiro-mariño a súa xestión constitúe, cando menos, un revulsivo para a zona costeira. Neste senso, hai que referirse ás dificultades coas que baten os parques mariños que, obviamente, van coincidir en gran medida coas da xestión da costa. Por un lado, a confluencia de usos que se dan cita no medio costeiro mariño (algúns como a pesca non pode eludirse facilmente), polo que se fai moi necesaria a compatibilidade dos usos coa protección do medio, e, por outra banda, o carácter continuo do medio costeiro e mariño, é dicir, non coñece fronteiras por iso necesita un contexto de protección global. Non é oportuno, polo tanto (con máis rotundidade que no medio terrestre), o concepto «parque-illa». Deste modo, obsérvase claramente a posibilidade, incluso a necesidade, de abarcar extensas zonas, como é o caso da zona costeira.

En fin, hai que ter presente que a xestión do ambiente costeiro mariño, dos parques mariños é, fundamentalmente, unha xestión do uso humano. E dada a necesidade de acadar unha solución equilibrada entre a conservación do medio e as actividades que se leven a cabo neste, os parques mariños convertéronse en precursores do desenvolvemento sostido que é o gran reto da sociedade actual, e en concreto, da zona costeira.

Considérase sostible un sistema socioeconómico que consome recursos renovables por debaixo da súa taxa de renovación, que consome recursos non renovables por debaixo da súa taxa de substitución, etc. En definitiva, é o desenvolvemento que satisfai as necesidades da presente xeración sen comprometer as das xeracións vindeiras.

Pero para iso hai que vencer diversos obstáculos, sendo o máis relevante o gran número de xurisdicións; de aí que para conseguir unha actuación racional

na costa se deba tender á integración coordinada de todas elas, como acontece na xestión dos parques mariños¹.

Polo tanto, esta obra detalla a xestión dos parques mariños non só coa pretensión de dala a coñecer *per se*, senón tamén para amosar un modelo, incluso un medio para ordenar e xestionar toda a zona costeira. Esta segunda finalidade enlaza coa idea de actuar de forma eficiente, é dicir, coa menor inversión de tempo, esforzo e recursos.

En efecto, a Administración debe ser eficaz, o que significa que ten que conseguir un resultado, neste caso, a xestión integrada da costa, e para iso debe apoiarse en medios adecuados, como son as estratexias achegadas que deron bos resultados. Son, claro está, os parques mariños e as reservas da biosfera exemplos disto.

O presente traballo pretende presentar propostas concretas que axuden a xestionar de forma efectiva a costa, xa que en palabras da autora «consideramos que ya existe mucha teoría sobre la gestión integrada de la costa, algo nada desdeñable sino todo lo contrario, pero hemos de pasar ya a la acción, dada la actual situación de deterioro de la zona costera».

Precisamente, a publicación detense na determinación da atribución das competencias xunto coa definición da zona costeira (da que aínda non existe definición xurídica), xa que se consideran as premisas fundamentais para a eficiencia que se reclama. Entre os instrumentos que inciden destácanse os parques mariños, pois –dada a actual concepción holística de conservación da natureza– fan real, aínda que sexa a pequena escala, a xestión integrada da costa que é, en definitiva, a finalidade da xestión eficiente.

Estamos, en resumo, diante dun traballo importante e necesario, que cobre un baleiro non cuberto ata agora e polo que o labor da autora case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas curtas liñas, pero doume por satisfeito se se contribúe a unha maior difusión desta.

Xosé Antón Barreiro Pereira

Avogado

¹ Segundo SANZ LARRUGA: «En el proceso de ordenación integral del litoral resulta imprescindible la toma de conciencia de las cuestiones de interés común, el diálogo e intercambio de opiniones entre las partes interesadas y afectadas así como el favorecimiento de la cooperación entre las partes implicadas para lograr una acción coordinada y una gestión integrada. Sin embargo, es necesario destacar que, para tales objetivos, no hay ningún método satisfactorio y comúnmente aceptado para definir y clasificar las zonas costeras sino una diversidad de métodos en función de la gran variedad de condiciones y problemas de las zonas costeras».